

ACTA NÚMERO: 08/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 27 de febreiro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto a Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 20 de febreiro de 2025 (Reunión 7/2025).
2. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Instalación fotovoltaica no Parque Maquinaria da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2024066928).
3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dinamización de pequenos concellos para a realización de autodiagnóstico da localización e implementación da Axenda 2030 así como o desenvolvemento de follas de ruta de localización e capacitación no marco do proxecto C2 Axenda 2030 Local, cofinanciado polo FEDER ao 75% dentro do Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) 2021-2027. (Expte.- 2024077017).
4. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024069131)
5. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024069131).
6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor como recursos turístico da "Rapa das Bestas" no marco do PRTR compoñente 14, Plan de sostenibilidade turística en destino. (Expte.- 2024017414)
7. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor como recursos turístico da "Rapa das Bestas" no marco do PRTR compoñente 14, Plan de sostenibilidade turística en destino. (Expte.- 2024017414).

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 20 de febreiro de 2025 (Reunión 7/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 20 de febreiro de 2025 (Reunión 7/2025).

2. Apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Instalación fotovoltaica no Parque Maquinaria da Deputación de Pontevedra”. (Expte.- 2024066928).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025000888 de data 4 de febreiro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “*Instalación fotovoltaica no Parque Maquinaria da Deputación de Pontevedra*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de febreiro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- ASP ENERGÍA SOLAR FOTOVOLTAICA 2021 S.L.



- BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS S.L.
- CONDUCCIONES Y MONTAJES SUROESTE SL
- CONSULTING DE INGENIERIA E INSTALACIONES SL
- COVERSUN SOLUTIONS SLU
- DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.
- E4E SOLUCIONES ENERGÉTICAS SL
- ECOGAL ENERGÍAS RENOVABLES, AUTOCONSUMO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA S.L
- GRUPO ECOSAR, S.L.
- INELSA ELECTRICIDAD, SLU
- INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.
- INSTEC VIGO, S.L.
- INTELLIGENT REAL SOLUCION, S.L.
- MANTENIMIENTO Y OPERACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.I
- MONCOBRA SA
- MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE SL
- PANSOGAL SL
- PSM COONECT SYSTEMS S.L.
- PV SPECIALISTS, S.L.U.
- QUANTUM ENERGÍA VERDE COMUNIDAD VALENCIANA S.L.
- SOLARZ AUTOCONSUMO FOTOVOLTAICO SL
- URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, SL
- VT PROYECTOS SL

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
SP ENERGÍA SOLAR FOTOVOLTAICA 2021 S.L.	49.840,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS S.L.	42.812,47 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONDUCCIONES Y MONTAJES SUROESTE SL	58.084,04 €	1,00%	36 MESES	SI	SI
CONSULTING DE INGENIERIA E INSTALACIONES SL	44.528,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
COVERSUN SOLUTIONS SLU	58.356,00 €	3,00%	36 MESES	NON PRESENTA	NON PRSENTA



DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	58.657,39 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
E4E SOLUCIONES ENERGÉTICAS SL	62.000,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ECOGAL ENERGÍAS RENOVABLES, AUTOCONSUMO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA S.L	49.657,20 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
GRUPO ECOSAR, S.L.	65.826,14 €	33,00%	36 MESES	NON	NON
INELSA ELECTRICIDAD, SLU	63.655,17 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.	56.642,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
INTEC VIGO, S.L.	59.436,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
INTELLIGENT REAL SOLUCION, S.L.	48.600,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MANTENIMIENTO Y OPERACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L	60.655,72 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MONCOBRA SA	48.853,08 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE SL	49.200,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
PANSOGAL SL	56.000,00 €	1,00%	12 MESES	NON	NON
PSM COONECT SYSTEMS S.L.	50.832,20 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
PV SPECIALISTS, S.L.U.	59.080,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
QUANTUM ENERGÍA VERDE COMUNIDAD VALENCIANA S.L.	56.800,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



SOLARZ AUTOCONSUMO FOTOVOLTAICO SL	42.499,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, SL	63.289,60 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
VT PROYECTOS SL	49.990,60 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, ASP ENERGÍA SOLAR FOTOVOLTAICA 2021 S.L., BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS S.L., CONSULTING DE INGENIERIA E INSTALACIONES SL, ECOGAL ENERGÍAS RENOVABLES, AUTOCONSUMO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA S.L., INTELLIGENT REAL SOLUCION, S.L., MONCOBRA SA. MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE SL, SOLARZ AUTOCONSUMO FOTOVOLTAICO SL, e VT PROYECTOS SL, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

- 3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dinamización de pequenos concellos para a realización de autodiagnóstico da localización e implementación da Axenda 2030 así como o desenvolvemento de follas de ruta de localización e capacitación no marco do proxecto C2 Axenda 2030 Local, cofinanciado polo FEDER ao 75% dentro do Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) 2021-2027. (Expte.- 2024077017).**

O Secretario suplente da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial número 2025000947, de data 05 de febreiro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do "servizo de dinamización de pequenos concellos para a realización de autodiagnóstico da localización e implementación da Axenda 2030 así como o desenvolvemento de follas de ruta de localización e capacitación no marco do proxecto C2 Axenda 2030 Local, cofinanciado polo FEDER ao 75% dentro do Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) 2021-2027".



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 05 de febreiro de 2025. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario suplente informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA (CIF: F15715683).
- CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L. (CIF: B15757941)
- D'ALEPH INICIATIVAS Y ORGANIZACIÓN, S.A. (CIF: A63141170)
- DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L. (CIF: B36562445)
- EFFECTIA INNOVATION SOLUTIONS, S.L. (CIF: B85706265)
- MULTICRITERI - MCRIT AIE (CIF: V67163576)
- NOZOA PERMACULTURA, S.L. (CIF: B75345488)
- PSICAS AYF, S.L. (CIF: B11431939)
- RENT-A-BRAIN CONSULTORES SECTOR PÚBLICO, S.L.U. (CIF: B94181963)
- SM SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, S.L. (CIF: B61461810)
- SERVIGUIDE CONSULTORÍA, S.L. (CIF: B70274949)

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Fondos Europeos, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



4. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024069131).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 17/01/2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de soporte e mantemento dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 17/01/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 19/01/2025. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 20/02/2025 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A" correspondentes a "documentación administrativa", sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- TICAPLUS S.L. (B27790617)
- ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. (B15123177)

A Mesa de Contratación na sesión do día 20 de febreiro de 2025 tamén procedeu á apertura da documentación dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O xefe do servizo de Novas tecnoloxías, Damián Rey Rodríguez, con data 25/02/2025, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

CRITERIOS	Máximo	TICAPLUS	ELENOR
Metodoloxía da prestación do servizo	9,00	5,00	8,00
Plan de renovación de equipos	8,00	8,00	7,00
Plan de probas	5,00	2,00	5,00



Plan de traballo	7,00	6,00	6,00
Plan de calidade	6,00	2,00	5,00
Seguimento e informes	5,00	2,00	5,00
TOTAIS	40,00	25,00	36,00

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido polo xefe doservizo de Novas Tecnoloxías, con data 25/02/2025, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas TICAPLUS, e ELENOR admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra que acadan o mínimo esixido do 50% da puntuación máxima asinable segundo o PCAP para poder optar ao apertura do sobre “C”.

5. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024069131).

O Secretario informa aos asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas ao procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra sendo estas as seguintes:

CRITERIOS	Máximo	TICAPLUS	ELENOR
Metodoloxía da prestación do servizo	9,00	5,00	8,00
Plan de renovación de equipos	8,00	8,00	7,00
Plan de probas	5,00	2,00	5,00
Plan de traballo	7,00	6,00	6,00
Plan de calidade	6,00	2,00	5,00
Seguimento e informes	5,00	2,00	5,00
TOTAIS	40,00	25,00	36,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desenscriptación e descarga da



documentación presentada no sobre “C” das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, sendo os valores ofertados os seguintes:

ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. S.L. (B15123177)

1.Prezo ofertado para os catro anos de duración do contrato:

Importe sen o IVE:	198.230,00 €	(Cento noventa e oito mil douscentos trinta euros)
IVE (21 %):	41.628,30 €	(Corenta e un mil seiscientos vinte e oito euros e trinta céntimos)
Importe total ofertado:	239.858,30 €	(Douscentos trinta e nove mil oitocentos cincuenta e oito euros e trinta céntimos)

2.Ampliación dos acordo de nivel de servizo:

TIEMPOS DE RESPUESTA PRESENCIAL		
CRITICIDAD	TIEMPO MÁXIMO EN MOSTRAR PRESENCIA	TIEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	2 HORAS	1 HORA
ALTA	6 HORAS	1 HORA

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDADE DA INCIDENCIA		
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	4 HORAS	1 HORA



ALTA	8 HORAS	1 HORA
------	---------	--------

TICA PLUS S.L. (B27790617)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 203.961,18 €

IVE (21 %): 42.831,85 €

Importe total ofertado: 246.793,03 €

2. Ampliación dos acordos de nivel de servizo:		
TEMPOS DE RESPONSA PRESENCIAL		
CRITICIDADE	TEMPO MÁXIMO EN MOSTRAR PRESENZA	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	2 HORAS	2 HORAS
ALTA	6 HORAS	6 HORAS
TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDADE DA INCIDENCIA		
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	4 HORAS	4 HORAS
ALTA	8 HORAS	8 HORAS

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista no PCAP, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor como recursos turístico da "Rapa



das Bestas” no marco do PRTR compoñente 14, Plan de sostenibilidade turística en destino. (Expte.- 2024017414).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2024, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de implantación e mantemento dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor como recurso turístico da rapa das bestas no marco do PRTR componente 14. Plan de sostenibilidade turística en destino.”

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xaneiro de 2025. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 23/01/2025 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A” correspondentes a “documentación administrativa”, sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- Miraveo Assets S.L. (B70567185)
- Lux Xperience S.L. (B05485081)
- Tecnoturismo innovador S.L.(B19828904)

A Mesa de Contratación na reunión do día 23 de xaneiro de 2025 tamén procedeu á apertura da documentación dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Turismo Rias Baixas, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Turismo, con data 12/02/2025, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (csv I0DPJ4FQGCOS44EQ), figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Empresas Licitadoras	1.- Arquitectura de la solución (hasta 4 puntos)	2.- Módulo de Gestión de Contenidos (hasta 5 puntos)	3.- Recurso vídeo 360º (hasta 6 puntos)	4.- Recurso AR (hasta 7 puntos)	5. Diseño gráfico del portal web (hasta 5 puntos)	6. Diseño gráfico de la aplicación móvil (hasta 5 puntos)	7. Diseño gráfico de la señalética inteligente (hasta 5 puntos)	8.- Seguimiento y gestión del proyecto (hasta 8 puntos)	Total (hasta 45 puntos)
LUX XPERIENCE, S.L.	4	5	3	5.25	3.75	2.5	3.75	6.5	33.75



MIRAVEO ASSETS, S.L.	0	0	0	0	0	0	0	1.25	1.25
TECNOTURISMO INNOVADOR, S.L.	3	2.5	1.5	1.75	0	0	2.5	8	19.25

“La oferta de LUX XPERIENCE, S.L. se considera la mejor de las presentadas, cumpliendo ampliamente los aspectos exigidos en el pliego y realizando la exposición de la propuesta de manera clara y detallada, lo que le permite pasar a la siguiente fase.

La oferta presentada por MIRAVEO ASSETS, S.L. está desalineada con lo requerido en el pliego. En general, no hay una descripción de la solución ni de sus funcionalidades, ni aporta información solicitada en el pliego. Se considera una propuesta insuficiente. Su baja puntuación hace que no pase el umbral mínimo exigido para que se tenga en cuenta su propuesta para la siguiente fase del proceso de licitación.

La oferta presentada por TECNOTURISMO INNOVADOR, S.L. no está desalineada con lo requerido en el pliego, pero la exposición de la propuesta es genérica, sin entrar en el detalle de solución, y sin aportar información en algunos casos a lo que se solicitaba. Su baja puntuación hace que no pase el umbral mínimo exigido para que se tenga en cuenta su propuesta para la siguiente fase del proceso de licitación.

Por lo tanto, tras la valoración técnica global para la contratación mediante procedimiento abierto, de la contratación para la implantación de una museográfica virtual para la puesta en valor como recurso turístico de la Rapa das Bestas, en el marco del PRTR componente 14 – Plan de Sostenibilidad Turística en Destino, SE PROPONE:

- *Excluir del proceso selectivo a la empresa licitadora MIRAVEO ASSETS, S.L., al no alcanzar el mínimo del 50% de la puntuación máxima asignable en función de los criterios evaluables mediante juicio de valor (Sobre B).*
- *Excluir del proceso selectivo a la empresa licitadora TECNOTURISMO INNOVADOR, S.L., al no alcanzar el mínimo del 50% de la puntuación máxima asignable en función de los criterios evaluables mediante juicio de valor (Sobre B).*
- *Que se proceda a la apertura del sobre C de la siguiente empresa: LUX XPERIENCE S.L.”*

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido pola xefa do servizo de Turismo, con data 12/02/2025, **acorda:**

1. Prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do *Servizo de implantación e mantemento dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor como recurso turístico da rapa das bestas no marco do PRTR componente 14. Plan de sostenibilidade turística en destino.*
2. Propor ao órgano de contratación en base ao informe emitido pola xefa do servizo de Turismo, a exclusión das empresas Miraveo Assets,S.L. e da empresa Tecnoturismo Innovador S.L.ao non acadar mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor, establecidos no PCAP.



7. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor como recursos turístico da "Rapa das Bestas" no marco do PRTR compoñente 14, Plan de sostenibilidade turística en destino. (Expte.- 2024017414).

O Secretario informa aos asistentes da puntuación acadada no sobre "B" polas empresas admitidas ao procedemento aberto en base ao informe (csv I0DPJ4FQGCOS44EQ) emitido pola xefa do servizo de Turismo con data 12/02/2025, sendo estas as seguintes:

Empresas Licitadoras	1.- Arquitectura de la solución (hasta 4 puntos)	2.- Módulo de Gestión de Contenidos (hasta 5 puntos)	3.- Recurso vídeo 360º (hasta 6 puntos)	4.- Recurso AR (hasta 7 puntos)	5. Diseño gráfico del portal web (hasta 5 puntos)	6. Diseño gráfico de la aplicación móvil (hasta 5 puntos)	7. Diseño gráfico de la señalética inteligente (hasta 5 puntos)	8.- Seguimiento y gestión del proyecto (hasta 8 puntos)	Total (hasta 45 puntos)
LUX XPERIENCE, S.L.	4	5	3	5.25	3.75	2.5	3.75	6.5	33.75
MIRAVEO ASSETS, S.L.	0	0	0	0	0	0	0	1.25	1.25
TECNOTURISMO INNOVADOR, S.L.	3	2.5	1.5	1.75	0	0	2.5	8	19.25

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desenscriptación e descarga da documentación presentada no sobre C "criterios automáticos" da empresa Lux Xperience S.L., que é a única que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor (33,75 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

LUX XPERIENCE S.L.(B05485081)



1.Prezo ofertado de implantación da plataforma:

Importe sen o IVE:	105.000€
IVE (21 %):	22.050,00€
Importe total ofertado:	127.050,00€

2.Prezo ofertado para o soporte e mantemento:

Importe sen o IVE:	5.301,15€
IVE (21 %):	1.113,24€
Importe total ofertado:	6.414,39€

3. Incremento de idiomas adicionais aos solicitados, para a implantación da interface de usuarios

Criterio	Nº idiomas (Max 3)
Nº idiomas adicionais aos propostos inicialmente no PPT (galego, castelán e inglés), para a implantación da interface de usuario en idiomas adicionais aos solicitados nos pregos. Non se puntuará a implantación de interface de usuarios en idiomas adicionais, que fosen traducidos de forma automática	Portugués Euskera catalá

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista no PCAP, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e doce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

